

# CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES 2011

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



**FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO**

E-Mail: fga@fga.es  
<http://www.fga.es>  
Tlfn: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



PREMIO M.G.D. A LA PREVENCIÓN DE  
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

## REGULAMENTO PARTICULAR

**XXIII RALI BOTAFUMEIRO**

**Santiago de Compostela**

**9 e 10 de DECEMBRO de 2.011**



## **ÍNDICE:**

**TITULO I:** PROGRAMA HORARIO

**TITULO II:** ORGANIZACION

Art. 1 Organización

**TITULO III:** MODALIDADES XERAIS

Art. 2 Puntuabilidade

Art. 3 Descrición

Art. 4 Vehículos Admitidos

Art. 5 Concursantes Admitidos

Art. 6 Solicitude de Inscripción - Inscripcións

Art. 7 Dereito de Inscripción - Seguros

**TITULO IV:** OBLIGACIONES XERALES

Art. 8 Publicidade

**TITULO V:** DESEÑO DA PROBA

Art. 9 Recoñecementos

Art. 10 Hora Oficial do Rallye

Art. 10 Penalizacións

Art. 11 Premios

## **PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS**

**ANEXO I:** LICENCIAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2011(ANUARIO F.G.A.)

**ANEXO II:** LIBRO DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD

**ANEXO III:** TERMINOLOXIA

**ANEXO IV:** ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

**ANEXO V:** ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

**ANEXO VI:** ITINERARIO – HORARIO

**ANEXO VII:** PARQUES PECHADOS, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA

**ANEXO VIII:** CARABANA RALLYES



## 1.- PROGRAMA HORARIO.

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
30/10/11	10.00	Apertura inscricións (Pilotos inscritos nos Campionato Galego)	ESCUDERIA COMPOSTELA Est. Multiusos S. Lazaro, Porta 10 SANTIAGO DE COMPOSTELA Tfno / Fax.- 981-57.81.77 <a href="http://www.escuderiacompostela.org">www.escuderiacompostela.org</a>
30/10/11	10.00	Apertura de inscricións (Resto pilotos)	
01/12/11	20.00	Peche inscricións	
01/12/11	21.00	Publicación lista de inscritos	
02/12/11 03/12/11 04/12/11	09.00 a 14.00	Distribución LIBRO DE RUTA	
09/12/11	10.00 A 14.00	Entrega Documentación	OFICINA PERMANENTE Recinto Feiral de Amio SANTIAGO DE COMPOSTELA  Taboleiro de Anuncios
	10.00 a 14.00	Verificacións Administrativas	
	10.30 a 14.30	Verificacións técnicas	
	12.00 a 14.30	Precintase de turbos e pesaxe.	
	18.00	Hora limite entrada en PARQUE PECHADO	PARQUE PECHADO Recinto Feiral de Amio SANTIAGO DE COMPOSTELA
	19.00	Publicación LISTA AUTORIZADOS A TOMAR A SAIDA	
	20.30	Saida primeiro participante 1ª SECCION	
21.00	Chegada primeiro participante 1ª SECCION		
10/12/11	08.00	Saida primeiro participante 2ª SECCION	PARQUE PECHADO Recinto Feiral de Amio SANTIAGO DE COMPOSTELA
	11.04	Chegada primeiro participante 2ª SECCION	PARQUE REAGRUPAMENTO Recinto Feiral de Amio SANTIAGO DE COMPOSTELA
	11.19	Saida primeiro participante 3 SECCION	
	14.15	Chegada primeiro participante 3 SECCION	PARQUE PECHADO Recinto Feiral de Amio SANTIAGO DE COMPOSTELA
	15.05	Saida primeiro participante 4ª SECCION	
	18.16	Chegada primeiro participante 4ª SECCION	PARQUE REAGRUPAMENTO Recinto Feiral de Amio SANTIAGO DE COMPOSTELA
	18.31	Saida primeiro participante 5ª SECCION	
	21.12	Chegada primeiro participante 5ª SECCION	PARQUE PECHADO Recinto Feiral de Amio SANTIAGO DE COMPOSTELA
	22.00	Verificacións finais de oficio	TALLERES AMIO Rua Penamaría, 92 SANTIAGO DE COMPOSTELA
	23.00	Publicación de Resultados	OFICINA PERMANENTE PARQUE PECHADO
	23.30	Cerimonia ENTREGA DE PREMIOS	Recinto Feiral de Amio SANTIAGO DE COMPOSTELA



### **TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.**

Dende o Día 30 de Outubro de 2011 as 00.00 horas, ata o día 08 de decembro a 22.00 horas estará situado na oficina Permanente do Rali, emprazada na Escudería Compostela, Estadio Multiusos San Lazaro, Puerta 10 – Santiago de Compostela

Dende o día 09 de decembro as 09.00 horas ata o día 10 de decembro as 23.30 horas estará situado na Oficina Permanente do rali, emprazada no RECINTO FEIRAL DE AMIO DE SANTIAGO, e no parque pechado sito no mesmo Lugar.

### **2.- ORGANIZACIÓN.**

#### **Artigo 1.- ORGANIZACIÓN.**

##### **Artigo 1.1.- Organización.**

A Escudería Compostela organiza o XXIII RALI DO BOTAFUMEIRO que se desenrolará desde os días 09 e 10 de Decembro de 2011

Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2011, as prescricións comúns para rallyes, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa e de España de Rallyes e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobado pola Federación Galega de Automobilismo o día 24/10/11. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-068-RA

##### **Artigo 1.2.- COMITÉ DE ORGANIZACIÓN.:**

###### Presidente:

D. Manuel Ramos Iglesias

###### Vocais:

D. David Ponte Lois.

D. Cecilio Lorenzo Turnes.

Dña. Julia Brea Lavandeira

D. Diego Iglesias López

D. Jorge Iglesias López.

D. Cesar Raña Caamaño

Dña. Verónica Iglesias Castro

D. Adrián López Sobredo

###### Secretaria:

Dña. Jezabel Fernández Vázquez.

Dirección da Secretaria Técnica do Comité Organizador:

Escudería Compostela

Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 10

15703-Santiago

Teléfono-Fax: 981578177

Teléfono móbil: 655-299.664

Internet [www.escuderiacompostela.org](http://www.escuderiacompostela.org)



**Artigo 1.3: OFICIAIS.**

Comisarios Deportivos.

**Presidente** D. Manuel Esperón Alonso GA-0011-OA 1ª  
D. Fernando Fernandez Fernandez GA-0128-OA  
D. Victoriano González Boullosa GA-0014-OA

Observador de F.G. de A.:

D. Humberto González Bermúdez GA-0015-OBS

Director de Carreira - OFICINA:

D. Manuel Ramos Iglesias GA-0017-OA

Directores Adxuntos:

D. Cesar Raña Caamaño GA-1219-OA

D. David Ponte Lois GA-1224-OA

Secretario da Proba:

Dña. Jezabel Fernández Vázquez. GA-2145-OA

Comisarios Verificacións Administrativas:

Dña. Julia Brea Lavandeira GA-1221-OA

Dña. Jezabel Fernández Vázquez. GA-2146-OA

Dña. Verónica Iglesias Castro. GA-1220-OA

Comisarios Verificacións Técnicas:

**Xefe:** D. Ignacio J. Davila Estévez GA-0019-OC1ª (Verificador de turbos)  
D. Francisco Javier Rozas Losada GA-1222-OC  
D. Miguel Collazo Neira GA-1532-OC  
D. Juan Gonzalez Boullosa GA-1084-OC

Xefe Seguridade Vial:

D. David Ponte Lois GA-1224-OA

Xefes de Treito:

Dña. Verónica Iglesias Castro. GA-1220-OA

Dña. Julia Brea Lavandeira GA-1221-OA

D. Fernando Fontan jamardo GA-1625-OA

Xefes Seguridade de Treito:

D. Adrián López Sobredo. GA-1223-OA

D. Diego Iglesias López GA-1226-OA

D. Miguel Puga Sexto GA-1225-OA.

Relación cos Participantes:

Dña. Noemí Blas Prieto GA-0467-OA

Xefe de Parques Pechados:

D. Bernardo Jose Padilla Campos GA-2147-OA)

Xefe de Parque de traballo:

D. Carlos Matalobos Méndez GA-1548-OA.

Xefe de Parques de reagrupamentos:

D. Juan Pablo Montero Ramos GA-2148-OB

Relacións coa Prensa:

Dña. Manuela González Díaz GA-0146-OB

Xefe de Comisarios de Bandeiras:

D. Pablo Torres Ferrin GA-1530-OA

Oficiais de Parques Pechados:

D. Bernardo Jose Padilla Campos GA-2149-OA

D. Juan Pablo Montero Ramos GA-2150-OB

Responsable de Cronometraxe:

D Iago González Fernández GA-1621-OA



Cronometradores:

D. Jose L. Conde Lamela	GA-0141-OB	-	C.H.CH.	T.C 1
D. Sergio Rial Dosil	GA-0145-OB	-	SAIDA	T.C.1
Dña. Lidia Ramos Rodríguez	GA-1229-OB	-	META	T.C.1
D. Fabian Saavedra Barros	GA-1227-OB	-	C.H. STOP	T.C.1
D. Iván González Liñares	GA-0150-OB	-	C.H.CH.	T.C 2
D. Senén Martínez Troitiño	GA-0134-OB	-	SAIDA	T.C.2
D. José Antonio Iglesias Alonso	GA-0136-OB	-	META	T.C.2
D. Eduardo Moldes Estévez	GA-1628-OB	-	C.H. STOP	T.C.2
D.Sergio Fernández Francisco	GA-0148-OB	-	C.H.CH.	T.C 3
D. Damián Fernández Mosquera	GA-0139-OB	-	SAIDA	T.C.3
D. Jesús Gómez Taboada	GA-0163-OB	-	META	T.C.3
D <sup>a</sup> . Belén Montouto Casal	GA-0138-OB	-	C.H. STOP	T.C.3

Comisarios de Ruta:

D. David GIL LEIRO	GA-1537-OD
D. Jesús PAZOS NAVIERA	GA-1538-OD
D. Jesús E. VAZQUEZ PEREZ	GA-1539-OD
D. Ivan VAZQUEZ IGLESIAS	GA-1540-OD
D. José PORTO ANDION	GA-1541-OD
D. Diego AGUIRRE FERNÁNDEZ	GA-1542-OD
D. Francisco ALLER COUCEIRO	GA-1543-OD
D. David BESTEIRO GONZALEZ	GA-1544-OD
D. David SUEIRO PUENTE	GA-1545-OD
D. Mario MARQUE PASEIRO	GA-1535-OD

Medico da Pobra:

D. Fernando Santos Benito Col. Num. 153705782

Vehículo "MEGAFONIA"

D. José Luis Rios Varela. GA-1230-OB

Vehículo "CIERRE – CINTAS"

D. Ricardo Ameneiro Rodriguez GA-2151-OA

Vehículo "SEGURIDADE"

D. David Ponte Lois GA-1224-OA

Vehículo "DIRECTOR EN CARRETERA"

D. Cesar Raña Caamaño GA-1219-OA

Vehículo "ESCOBA".

D. Iago Fernández González GA-1623-OA

D. Mateo Varela Fernández GA-0117-OA

Central de Datos:

Federación Galega de Automobilismo

Servicio de Ambulancias.

AMBULANCIAS BDM

Centros Asistenciais:

C.H.U.S. (Centro Hospitalario Universitario de Santiago)

- Hospital Clínico de Santiago

- Hospital Provincial

Policlínico "A ROSALEDA"

Servicio de Grúas:

GRUAS DESGUACES TINO

GRUAS TAMBRE

O Vehículo "0" pasara diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasara xusto detrás do derradeiro Participante. Estos dous vehículos terán que ser ocupados por un piloto e un copiloto os cales estarán en posesión da correspondente licenzia expedida pola F.G. de A. e a súa vez deben ser incluídos no Seguro Contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

**3.- MODALIDADES XERAIS****Artigo 2.- PUNTUABILIDADE.**

O XXIII Rali Botafumeiro é puntuable para os seguintes campionatos e Trofeos:

- Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (Grupos N, A e X), con coef.6
- Copa de Galicia de Rallyes para pilotos (Grupos N, A e X)
- Copa de Galicia de Rallyes para navegantes (Grupos N, A e X)
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo N
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo A
- Copa de Galicia de Rallyes para o grupo X
- Copa de Galicia de Rallyes para Escuderías (Grupos N, A e X)
- Copa de Galicia de Rallyes para Marcas (Grupos N e A)
- Copa Top Ten Driver Pirelli 2011
- Volante RACC-Galicia 2011
- Copa Kumho 2011
- Copa Racing Sport 2011

E as que designe a F.G. de A

**Artigo 3.- DESCRICION.**

O XXIII Rali Botafumeiro consta dun percorrido de **455,825 Kms**, dos cales **102.625 kms**, corresponden a **SEIS TREITOS** cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó Tráfico. Está dividido en **UNHA ETAPA** e **CINCO SECCIONS**. O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento.

No Carné de control e no libro de Ruta constan detallados o percorrido, etapas e seccións así como os controis horarios, controis de paso, neutralizacións e reagrupamentos.

**Artigo 4.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.**

Nos rallyes puntuables para o Campionato de Galicia serán admitidos os vehículos seguintes:

- Vehículos Grupo A ata 1600 cc. dacordo o artigo 255 do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo A dacordo o artigo 255 do Anexo J da FIA.
- Vehículos Grupo N dacordo o artigo 254 do Anexo J da FIA.
- Vehículos S-2000 dacordo o artigo 254A do Anexo J da FIA.
- Vehículos R1, R2, R3C, R3T, R3D, R4 dacordo cos artigos 260 e 260D do Anexo J da FIA (conforme o regulamento 2009 da FIA.).
- Admitiranse os vehículos do Grupo "X" segundo a normativa da F.G. de A., incluíndo os Vehículos de Gran Turismo, dacordo cos Regulamentos Técnicos NGT, GT e RGT. Os efectos de puntuación, os vehículos admitidos dividiránse nas seguintes clases de cilindrada:

GRUPO "N"		GRUPO "R"
Clase 2: / ata 1.600 c.c.	R1A, R1B	De 1.400 c.c. ata 1.600 c.c.
Clase 3: / de mais de 1.601 c.c.ata 2.000 c.c.		
Clase 4: / de mais de 2.001 c.c.		

GRUPO "A"		GRUPO "R"
Clase 7: / ata 1.600 c.c.	R2B	De 1.400 c.c. ata 1.600 c.c.
Clase 8: / de mais de 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.	R2C, R3C	De 1.600 c.c. ata 2.000 c.c.
Clase 9: / de mais de 2.001 c.c.	R3T, R3D, R4	

GRUPO "X"		PROVINTES DE GRUPO "N"- "A"
Clase 12: / ata 1.300 c.c.		
Clase 13: / de 1.301 c.c. ata 1.500 c.c.		
Clase 14: / de mais de 1.501 c.c. ata 2.000 c.c.		
Clase 15: / de mais de 2.001 c.c.	GT/NGT/RGT	

A tódolos efectos, considérase constituída unha clase, coa saída dun so vehículo.



**Artigo 5.- CONCURSANTES ADMITIDOS.**

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2011 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

**Artigo 6.- SOLICITUDE DE INSCRICION- INSCRICIONS.**

6.1 Toda persoa que desexe para participar no XXIII Rali Botafumeiro debera remiti-la solicitude de Inscripción, debidamente cumplimentada á Secretaría do Rali, sita en:

Escudería Compostela  
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 10  
15703-Santiago  
Teléfono-Fax: 981578177  
Internet [www.escuderia-compostela.org](http://www.escuderia-compostela.org)

**ANTES DAS 20,00 HORAS DO DIA 1 de decembro de 2.011.** Os datos relativos ó Copiloto poden ser completados antes do día 01 de decembro de 2.011

6.2 O número de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

6.3 Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos de calquera das formas seguintes.

- Na Secretaria da proba antes do día 01 de decembro de 2.011
- Na Conta corrente de CAIXA GALICIA. Num. Cta. Cte. **2080 – 0300 – 86 – 3040091987**

**Non se devolverá os dereitos de inscrición a ningún participante, unha vez publicada a Lista de Inscritos.**

6.4 Admitiranse inscricións condicionadas, unha vez superado ó numero de inscritos fixado como máximo.

6.5 A orden de recepción da Solicitude de inscrición, así como os dereitos de inscricion, será determinante para a confección da lista de inscritos.

**Artigo 7.- DEREITOS DE INSCRICION-SEGUROS.**

7.1 Os Dereitos de inscricion fíxanse en:

7.1.1. 330,00 € aceptando a publicidade proposta polo organizador.

7.1.2. 660.00 € refusando esta publicidade.

7.2 A solicitude de inscricion non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscricion.

7.3 Os dereitos de inscricion comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación de Federación Galega de Automobilismo.

**4.- OBRIGACIONS XERAIS.**


A publicidade proposta polo organizador será a seguinte.

OBLIGATORIA.

Nos números de Competición SEGUNDO ANUARIO F.G. de A. (A DETERMINAR)

FACULTATIVA.

No lugar designado segundo Anuario da F.G. de A. (A DETERMINAR)







## 5.- DESENROLO DA PROBA.

### Artigo 9.- Recoñecementos

**9.1.-** Os recoñecementos Oficiais / libres efectuaranse os días 2, 3 e 4 de decembro de 2011, segundo o criterio que terá que establecer o Comité Organizador.

**9.2.-** Os recoñecementos quedan limitados a un máximo de TRES pasadas por Treito Cronometrado.

**9.2.1.-** A primeira infracción será penalizada con 5 minutos mais unha sanción económica de 300 €, o inicio da Proba, a criterio exclusivo do Colexio de Comisarios Deportivos.

**9.2.2.-** A segunda infracción se penalizará con “NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA”, ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

**9.2.3.-** Por incorrer nunha infracción nos puntos **9.2.1** e **9.2.2** será obligatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación do Expediente Disciplinario no seu caso.

**9.3.-** Si unha Escudería fai un Treito Cronometrado, na mesma Tempada, non se poderá utiliza-lo mesmo Treito por outra Entidade Organizadora.

**9.4.-** Só se poderá efectuar os Recoñecementos dos Treitos Cronometrados un día por cada equipo participante, a escoller de entre os tres días designados polo Comité Organizador, e que será solicitado por fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días. Asimismo, cada equipo terá que notificar ó Comité Organizador, a marca, modelo e matrícula do vehículo que utilizará para os citados recoñecementos.

**9.5.-** A velocidade máxima nos Treitos a recoñecer, será en función das limitacións / sinais que existan no mesmo.

**9.6.-** Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

**9.7.-** O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba

**9.8.-** A Federación Galega de Automobilismo designará outro Comisario / Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

**9.9.-** Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor Branco) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo Treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos Dereitos de Inscripción) para a súa participación na proba, do vehículo infractor.

### Artigo 10.- HORA OFICIAL DO RALI.

Durante o transcurso do rali, a hora oficial será emitida por **R.N.E – Radio 5 Todo Noticias**.

### Artigo 11.- PENALIZACIONES.

As penalizacións son as previstas no Regulamento–Tipo Xeral de Ralis da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2.011



Artigo 12.- PREMIOS

Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes:

Premios clasificación Xeral Scratch (Grupos N, A e X):

	Coeficiente 6
1º	1.050,00 €
2º	675,00 €
3º	525,00 €
4º	410,00 €
5º	315,00 €
6º	225,00 €
7º	165,00 €
8º	120,00 €
9º	90,00 €
10º	75,00 €
Total	3.650,00 €

Premios clasificación por Clases (2 a 15)

1º	170,00 €
2º	100,00 €
Total	2.700,00 €

Resumen:

	Coeficiente 6
Total premios	6.350,00 €

NOTA: Entregarase un trofeo ós 10 primeiros clasificados da Xeral Scratch (10), e ó primeiro de cada clase (10)

**A NON PRESENCIA DOS PREMIADOS NA ENTREGA DE PREMIOS, QUEDARÁ ANULADO O IMPORTE DO MESMO.**

D. Manuel Ramos Iglesias, provisto da Licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia co número GA-0889-OA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo

Fdo. Manuel Ramos Iglesias  
N.I.F.: 33.276.887-G

ESCUDEIRA COMPOSTELA  
C.I.F.: G-15.111.057  
Fdo. D. Manuel Ramos Iglesias



---

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

---

REUNIÓN	D A T A	HORA	L U G A R
1ª	09 Decembro 2011	19:00	SALA DE REUNIÓN Recinto feiral de AMIO
2ª	10 Decembro 2011	22:00	SALA DE REUNIÓN Recinto feiral de AMIO



**ANEXO I**

**RALLIES, MONTAÑA, AUTO-CROSS, KARTING, SLALOM E 4X4 – CONCENTRACIONES.**

1.- Por acordo assembleario, votado por unanimidade, é normativa de obrigado cumprimento para os Campeonatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada 2011 e seguintes: Únicamente se poderá participar coa Licencia Autonómica de Galicia, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

2.- Para puntuar nos Campeonatos e Copas, que se organicen na Comunidade Autónoma de Galicia, será obrigatorio para concursantes e participantes (pilotos, navegantes e Asistencias) estar en posesión das licencias autonómicas espedidas pola Federación Galega de Automobilismo.

3.- Toda proba que se celebre no ámbito de competencia da Federación Galega de Automobilismo, para ser puntuable nos campeonatos, Copas, Fórmulas de Promoción e Monomarcas, en Galicia, deberán obrigatoriamente admitir a participación con licencias autonómicas espedidas pola F.G. de A.; no caso contrario a proba non será admitida en ditos campeonatos, e o seu incumprimento implicará a perda de subvencións oficiais pactadas pola F.G. de A.

4.- De existir convenios de aceptación-reciprocidade en materia de participación (non puntuación) con outras federacións (ámbito de licencia) autonómicas, Nacionais e Internacionais, teranse en conta excepcionalmente. De forma que se non existise o convenio, unicamente se poderá participar coa licencia Autonómica de Galicia, expedida pola F.G. de A.

5.- Por acordo assembleario de 13 de Xaneiro de 2.007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa) implicará a cesión en forma expresa nas competicións oficiais da F.G. de A. a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos a F.G. de A. para a súa venta, promoción e difusión pública de Automobilismo Deportivo Galego.


6.- Por acordo de Xunta directiva-Comisión delegada, de data 11 de Novembro de 2008, e refrendado por acordo assembleario de data 13 de Decembro de 2008, transcribese literalmente a adopción de acordo vinculante para as escuderías afiliadas a F.G. de A. para a tempada 2008 e sucesivas. En totalás actividades desenroladas por entidades deportivas-escuderías, afiliadas a F.G. de A.; xa sexan de tipo deportivo, competitivo, ou non, pertencentes ó Campeonato Galego das diferentes especialidades ou non, xa sexan lúdicas, de exhibición, ou de calquera outro, persoal con licencia expedida pola F.G. de A., sin que sexa posible a súa exclusión por ningún concepto, nin restrinxi-la súa participación por ningunha causa derivada da licencia expedida pola F.G. de A. O incumprimento do presente acordo poderá dar lugar a responsabilidades disciplinarias das entidades-escuderías, ou persoas responsables de conformidade co Art. 87.ñ) dos vixentes estatutos, e terá a consideración de incumprimento de “especial gravidade”, con imposición das sancións que procedan polos órganos disciplinarios de Federación Galega de Automobilismo.



**ANEXO II**

**LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD  
CONDICIONS OBLIGATORIAS.**

- 1.- O sentido da lectura será de arriba hacia abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plasticas ou metálica que permita unha apertura de 360º e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ó principio do libro de ruta deberá figurar unha paxina explicativa cos símbolos utilizados(a lo menos en dous idiomas en probas internacionais)
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta kilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior de cada paxina deberá figurar o número de etapa, sección e sector, o tempo impartido, o kilometraxe e eventualmente os constróis de paso.
- 6.- Cada paxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha linea horizontal, volvendo a cero "0" a numeración despois de casa control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, e decir, condistancias inferiores a 200 mts, non serán separadas entre sí.
- 9.- Toda información que non poida ser fácilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre paréntesis.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chagada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controis.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principios paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encadrados, e se hai un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controis deberá ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comenará nunha nova páxina.
- 15.- Os treitos Cronometrados deberán resaltar do resto de texto (por exemplo cun recadro)
- 16.- En cada debuxo, o punto e orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan coa ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisan dunha atención especial cun, dos ou tres signo de exclamación
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis (6) debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser fácilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha)
- 22.- No road-Book, os puntos de seguridade deberán ser sinalados polo seguinte signo:



**SUXERENCIAS:**

- 1.- Indica-la velocidade media dos treitos de enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo feito en edicións anteriores do rali.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (Ex. Panel de entrada a un casco urbán)
- 4.- Sinalar os cambios de piso (De asfalto a terra e viceversa) por un dobre trazo de linea vertical. Todos os ùntos que non se describen. Se deixan a liberdade do organizador.



### ANEXO III

#### TERMINOLOXIA

- Sector de enlace:** Itinerario comprendido entre dous controis horarios sucesivos.
- Sección:** Conxunto de sectores de enlace comprendidos:
- Entre saída dunha etapa e o primeiro reagrupamento.
  - Entre dous reagrupamentos sucesivos.
  - Entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do rali.
- Etapa:** Cada unha das partes do rali separadas por unha parada de alo menos oito (8) horas, ou por unha parada alo menos igual a duración do recorrido efectuado, si este é inferior a sete horas.
- Neutralización:** Tempo durante o cual os equipos son paradas pola organización, por calquer razón.
- Reagrupamento:** Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
- Parque pechado:** Zona na que ningunha reparación nin intervención é posible, salvo nos casos expresamente previstos polos regulamentos dos Campeonatos Internacionais e polo Regulamento particular da proba.
- Complemento:** Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último.
- Os complementos son publicados pola organización ata o día da proba.
- Deben ser sometidos a aprobación da F.G. de A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario.
- Os complementos deben estar numerados e fechados. Os concursantes ou Membros dos equipos deben acusar recibo mediante firma.
- Carnet de control:** Carnet destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario:
- Este carnet debe ter unha paxina por sector. Debe preverse un carnet de control distinto para cada unha das seccións.
- Treito**
- Cronometrado:** Proba de velocidade en carretera, pechada ao tráfico normal



#### ANEXO IV

#### ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES.

##### MISIONS PRINCIPAIS:

Informar aos concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial poseedor de licenza expedida pola F.G. de A., polo que implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral.

Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de todas as decisións tomadas.

A persoa nomeada para a relación cos concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por eso é convinte:

- Que leve unha identificación chamativa.
- Ser presentado aos concursantes durante un briefing.
- Incluir a súa fotografía e o seu número de teléfono no Regulamento particular ou nun complemento.
- Poderá ser auxiliado por un adxunto.

##### PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESEÑO DA PROBA.

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro de anuncios da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As verificacións administrativas.
- As verificacións técnicas.
- A secretaría do meeting.
- Á Saída da proba.
- Nos parques pechados e de reagrupamento.
- No Parque fin de etapa.

##### FUNCIONS:

Dar aos que o soliciten, despostas precisas as cuestións que se plantexen.

Dar todas as informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación a ao desenvolvemento da proba.

##### FINALIDADE:

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións.

O Encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémicas.



ANEXO V

ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIADE

1.-) ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE.

**A) Plan de Seguridade:**

Debe realizarse un plan de seguridade que conteña:

- lugar de ubicación de dirección de Carreira.
- lugar dos diferentes responsables:
  - Director de Carreira:
  - Directores de carreira Adxuntos.
  - Coordinador Médico.
  - Xefe de seguridade.
  - Responsables de seguridade interna de cada treito.
- Os directores dos diferentes servicios de seguridade;
  - Garda Civil.
  - Hospitais.
  - Servicios Médicos de Urgencias.
  - Bombeiros.
  - Servicios de Gruas.
  - Ambulancias.
- Itinerario Completo con detalle dos sectores de enlace.
- Plan de seguridade de todos os treitos cronometrados.

**B) Xefe de seguridade vial.**

No regulamento particular do rali nomearase un Xefe de seguridade vial que formará parte do comité organizador e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o rali estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o coordinador médico e a saída dos treitos cronometrados.

Estará encargado da aplicación do plan de seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un responsable de seguridade que deberá efectuar a inspección do seu treito e certificar a súa conformidade co plan de seguridade.

**C) Control.**

O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estarán baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

2.-) SEGURIDADE NOS TREITOS CRONOMETRADOS.

**A) Servicios de Asistencia.**

- Na saída de cada treito cronometrado:
  - 1 médico (preferentemente reanimador)
  - 2 ambulancias equipadas.
  - 1 equipo de socorristas (Excarcelación)
  - 2 gruas.
  - 1 camión de bombeiros.
- Nun punto intermedio para as probas de máis de 12 kilómetros:
  - 1 médico
  - 1 ambulancia equipada
  - 1 equipo de socorristas (Excarcelación)





- Dacordo coa perigosidade esmínimos incrementaranse:
  - Record do treito entre 100 e 110 Km/h. o dobre dos mínimos de ambulancias.
  - Record do treito superior a 110 Km/h, o dobre do mínimos de ambulancias máis un médico reanimador. Caso de non dispoñer do record do treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquer posible emergencia. Asimismo, deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquer posible incidente ou accidente.

**B) Medidas Preventivas:**

- Sinalación:
  - As carreteras e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.
- Intervención:
  - sobre o percorrido estableceranse postos de comisarios co obxecto de facer respetar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altavoces.
  - Sempre que sexa POSIBLE, advertir aos equipos por medio de bandeiras amarelas.
- Información:
  - Unha información destinada principalmente ao público en distintos medios de comunicación, tales como periódicos, revistas, radio e televisión.
  - Distribución de folletos informativos do rali.
  - Paso dun vehículo polo percorrido do rali equipado con altavoces que permitan informar ao público ( entre 45 minutos e 1 hora antes da saída do primeiro vehículo)

**C) Vixiancia.**

Os vehículos da organización (caravana de seguridade) deberán levar un cartel de 30 x 50 Ctms. Sobré o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE cun número "0" (peche dos treitos) ou "00" (apertura dos treitos). O vehículo escoba de fin de rali deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar unha bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un piloto con gran experiencia en ralis, o que, podera dar toda a información que sexa precisa e si é necesario, avisar ao Director de Carreira de carquer incidente.

Unha rede de radio con unha implantación de alo menos cada 3 Kms especifica para cada treito cronometrado permitirá o seguimento dos vehículos e a vixiancia do desenrolo do rali.

**D) Evacuación.**

Deberá preverse un itinerario de evacuación para cada treito cronometrado.

Os servizos de urgencia dos hospitais deberán estar en estado de alerta.

3.-) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE.

- itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades.
- conductor e o copiloto deberán levar:
  - Cascos homologados en todos os treitos cronometrados.
  - Roupa inifuga.
  - Cinturón de seguridade en todo o percorrido da proba.



## ANEXO VII

### PARQUE PECHADO E PARQUES DE TRABALLO

- ✚ Será o lugar previsto no Regulamento Particular, ó que o Concursante estará obrigado a conducir o seu/s vehículo/s
- ✚ No interior do Parque Pechado, onde non poderán entrar máis que ós Oficiais da proba e os destinados á vixilancia, quedará prohibida calquera comprobación ou reparación, salvo se o autorizaran os Comisarios Deportivos o Técnicos.
- ✚ O Regulamento Particular da proba precisará o lugar no que se instalará o Parque Pechado e os lugares dos Parques de Traballo, (con marcaxe obrigatorio das rodas) así como a hora límite de entrada.
- ✚ O Parque Pechado, e os Parques de Traballo contarán con dimensións adecuadas e estarán correctamente valados para que nel non poidan acceder persoas non autorizadas.
- ✚ Os Parques Pechados e os de Traballo serán controlados por oficiais colexiados designados polo Organizador, que serán responsables do seu bo funcionamento.

#### ✚ PARQUES DE TRABALLO

- Os organizadores terán que designar obrigatoriamente parques de traballo, nos seus regulamentos particulares, e terán que prohibir tódalas asistencia nos inter treitos. Os organizadores tomarán as medidas necesarias que controlen especialmente este punto.
- La hora límite de entrada al P.T. de los vehículos autorizados será al menos desde las 20:00 horas de viernes do comezo do rallye hasta unha hora antes da hora teórica de entrada do primeiro participante o P.T.; quedando ó criterio dos organizadores o poder modificar dita hora límite.
- Os P.T. deben estar emprazados en espazos asfaltados, e suficientemente amplos para garantir a seguridade dos equipos e do público, debendo dispor dun espazo adecuado para cada vehículo. Recoméndase prever a circulación en carrís dun só sentido, nos que recoméndase que esté limitado ou controlado o paso do público, tamén o tránsito do público non poderá interferir na cronometraxe nos controis de entrada e saída do parque.
- Os P.T. deberán estar indicados no itinerario-horario do rallye cun C.H. de entrada e outro C.H. de saída (as distancias de 25 m na sinalización de controis, quedan reducidas a 5 m como mínimo).
- Se o Organizador prevé un Reagrupamento e un P.T. seguidos, o orde deberá ser: 1º o Reagrupamento e 2º o P.T.
- Os P.T. deberán dispor dos sistemas de extinción adecuados. Debendo ter un mínimo de 3 extintores no parque e un vehículo contra incendios, si se realizase nun recinto feiral, servirá co sistema contra incendios instalado no recinto e a organización debe dispor dunha copia do plan de actuación de dito recinto feiral.
- Nos P.T. deberán prever obrigatoriamente servizos de WC. e contedores suficientes para o lixo que xeneren os equipos.
- Así mesmo serán válidos los servizos dun Centro Comercial ou cafetería próximos o P.T., non estando este excesivamente lonxe do parque.
- Os P.T. deberán establecerse de acordo cos seguintes criterios:
  - a) Nº de Treitos Cronometrados entre P.T. serán como mínimo 1 e un máximo 3
  - b) Serán un número máximo de 6, o 1º terá unha duración de 10 minutos antes do 1º treito cronometrado, e o resto terán unha duración de 20 minutos, agás o programado inmediatamente despois do reagrupamento largo do mediodía que terá unha duración de 40 minutos. Despois do último treito cronometrado terá unha duración de 10 minutos antes do control horario de fin da proba. Os neumáticos só se poderán cambiar nos parques de traballo exclusivamente, agás do parque de asistencia de chegada do rallye.
  - c) O emprazamento dos P.T. debe ser único, salvo autorización expresa da F.G.A.
  - d) Entre os parques de asistencia onde existan treitos cronometrados non se poderán superalos 150 km. de percorrido total.
- A velocidade máxima dos vehículos que circulen polo P.T. nunca será superior a 30km/h podendo ser controlada e sancionada. quedando tamén prohibido calquera tipo de manobra que non sexa a propia da circulación normal. O incumprimento deste apartado poderá ser motivo de exclusión da proba a criterio dos Comisarios Deportivos.
- O espazo para asistencia por participante deixase a criterio do Organizador en función do tamaño do P.T.
- O Organizador deberá coordinar cos responsables dunha Copa de promoción. a ubicación no P.T. dos vehículos participantes nas mesmas.
- Recomendase o Organizador elaborar un plano de ubicación do P.T., así como o lugar asignado a cada vehículo. Para elo os equipos deberán indicar se comparten asistencia e deberán ser comprobado este dato durante as verificacións administrativas.
- Os equipos deberán deixar o lugar onde realizaron a asistencia nas mesmas condicións encontradas súa chegada, depositando o lixo e os materiais inservibles nos contedores ubicados no propio P.T.



- Vehículos admitidos nun Parque de Trabajo
  - a) Soamente un ou dous vehículos de Asistencia, como máximo e a criterio da organización, por vehículo inscrito poden actuar en cada P.T. Estes vehículos deben estar claramente identificados por placas de “Asistencia” entregadas polo Organizador e colocadas nun lugar visible indo obrigatoriamente pegadas para poder acceder o P.T. .Recomendase que as placas teñan os dorsais dos equipos participantes. Se varios equipos comparten asistencia entregárase como máximo dúas placas a ese grupo de equipos.
  - b) Será de obrigatorio cumprimento , a identificación en todo momento do/s vehículo/s de asistencia, matrícula,responsable,etc. A notificación á organización será prevista na folla de inscrición, tendo como prazo límite o venres nas verificacións administrativas.No caso de non confirmar da totalidade do espazo necesario a organización exímese de responsabilidade, contando só co espazo necesario para un vehículo de asistencia por participante poderase negar a entrada a
  - e) As dúas placas de Asistencia autorizadas serán gratuítas. As demais placas que solicite un Concursante, de acordo ca regulamentación antes citada, o Organizador poderá establecer un prezo máximo de 150 euros por placa.

#### **REPOSTAXES (REFUELING)**

- As repostaxes teranse que facer nos parques de traballo, e nas estacións de servizo, ubicadas no percorrido do rallye, e teránque estar indicadas no libro de ruta (Road Book).
- No parque de traballo no momento do repostaxe deberase cumprir as seguintes condicións:
  - Afastar os fumadores.
  - Repostar o vehículo co motor parado.
  - Se os membros do equipo están no interior do vehículo, deberán ter os cinturóns de seguridade desabrochados.
  - Excepto nos vehículos que teñen prevista unha toma de presión para a repostaxe, este deberá levarse a cabo por gravidade o bombas manuais, para o que recomendase a utilización de bidóns de repostaxe según normas FIA provistos de acoplamentos estancos y respiradeiros. En calquera caso, a capacidade dos bidóns de repostaxe queda limitada a 25 litros. Se o bidón está elevado por encima do chan, en ningún caso o nivel de reserva de carburanteNo bidón poderá estar a unha altura superior a 3 metros durante tódala operación.
- Nas estacións de servizo, so está autorizado repostar directamente dos surtidores comerciais nas seguintes condicións:
  - .- A única operación autorizada é o repostaxe de combustible.
  - .- A repostaxe terase que realizar sen ningunha axuda exterior, agás dos empregados da propia estación de servizo.

#### **NEUMATICOS**


- Os neumáticos a empregar deben estar de acordo ca regulamentación F.I.A. para rallyes, estando expresamente prohibidos los neumáticos “slicks”, “slicks raiados” y los neumáticos con “mousse”.
- Os vehículos de categoría GT autorízaseles a montaxe de neumáticos Michelin PR-20, de dimensións 27-65-18”, raiados por el fabricante.
- Están autorizados un máximo de 5 neumáticos por vehículo entre Parques de Trabajo.
- A saída dun P.T. marcaranse tódolos neumáticos colocados no vehículo (incluso o de repostado). A chegada do próximo P.T., o vehículo deberá levar unicamente os neumáticos marcados no P.T. anterior.
- Para facilitar a marcaxe dos neumáticos,deberase dispor un espazo acotado inmediatamente despois do C.H. de saída do parque de Trabajo, ver croques explicativo de montaxe N°1.
- Ca única finalidade de axudar o procedemento de marcaxe, un membro do equipo poderá ter acceso a este espazo Para esta operación a Organización está obrigada a dar un suplemento de 5 minutos extra no sector de que se trate, e as mesmo indicalo no Itinerario Horario da proba.
- O tallado dos neumáticos esta autorizado exclusivamente nos P.T.
- Os cambios de neumáticos realizaranse unicamente nos P.T. fora dos mesmos, soamente os membros do equipo poderán realízalos cos medios de a bordo pero respetando sempre o disposto no apartado 12.8.2.
- Entre o último parque de traballo e a chegada do rallye, os neumáticos a utilizar son libres (respetando o resto de normativa do presente artigo).
- Está autorizado o uso de quentadores de neumáticos, soamente dentro dos P.T.
- Nas Copas de promoción, o modelo e número total de neumáticos a empregar será o que estipulen nos regulamentos particulares das mesmas, non podendo superar o número máximo establecido no presente artigo.
- procedemento da marcaxe das rodas:
  - a) Marcaranse a llantas cas pegatinas en PVC troqueladas segundo normativa FIA
  - b) Poderase marcar os neumáticos con rotuladores de diferentes cores.
  - c) Recomendase un mínimo de tres comisarios para realizar a marcaxe.





- Se na saída dun P.T. se atopase un neumático non conforme, este deberase substituír por outro. O neumático non conforme considerarase nulo e quedara en poder dos Comisarios Técnicos. O tempo concedido para o Sector do que se trate, non poderá ser ampliado.
- O control da marcaxe dos neumáticos realizarase entre o Control Horario precedente o treito Cronometrado e a saída de dito Treito, ver croques explicativo de montaxe Nº2, tamén nos C.H. de entrada os P.T. poderase realizar unha comprobación da marcaxe.
- Toda infracción concernente a normativa dos neumáticos, comprobada polos Oficiais da proba, entrañará unha penalización, podendo chegar a exclusión da proba.


### CROQUES EXPLICATIVO Nº1 MARCAXE DE NEUMÁTICOS





## CORQUES EXPLICATIVO Nº2

### MOTAXE SAIDA E CONTROL MARCAJE NEUMATICOS





## ANEXO VIII

### **CARABANA RALLYES:**

En tódolos rallyes a celebrar en Galicia muda a carabana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

**Megafonía:** Sairá o treito, para informar os espectadores, 60 minutos antes da saída do número 1.

**Xefe de Seguridade Treito:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito antes da hora de peche, para comete-lo cierre e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do tramo.

**Observador da Federación:** Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

**Xefe de Seguridade Vial:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito, despois de ser informado amplamente po lo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo esté en perfecto orden para o inicio do treito.

**Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde):** Despois de ser informado po lo Xefe de Seguridade Vial do Rallye, dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radioaficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarruas, Bombeiros, etc.) e o chegar o final do treito e comprobalas medidas anteditas, via radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

**Vehículos participantes:** Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

**Xefe de Seguridade Treito:** Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director da Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desórdenes públicos, etc.), e o telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

**Escoba na estrada. Vehículo "00" (Bermello).** Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcurrido o tempo regulamentado, sairá o treito e recollerá os carnets de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

**Advertencia:** Ningún vehículo de competición poderá exercelas funcións da carabana do rallye quedando terminantemente prohibido utilizalos, a partir da tempada 2010 inclusive, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o personal que traballe na carabana do rallye terá que ter licencia de oficial OA para facelo seu cometido.

**Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos:** En tódolos rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, Terán que estar presididos coa cualificación GA-OA1ª ou GA-OC1ª, obrigatoriamente.

**Nova normativa Comisarios Técnicos:** Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitirase unha acta-informe que grapada coas follas, serán entregadas po lo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega da copia.



CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES

BOLETIN DE INSCRIPCION **XXIII Rali BOTAFUMEIRO**

09 e 10 de Decembro de 2.011

	CONCURSANTE	CONDUCTOR	NAVEGANTE	ASISTENCIAS
NOME				
1º APELIDO				
2º APELIDO				
D.N.I / N.I.F.				
TELEFONO				
LICENCIA	GA-_____ -EC	GA-_____ -E	GA-_____ -NV	GA-_____ -AS

## VEHICULO

MARCA E MODELO	MARCA NEUMATICOS	MATRICULA	C.C.	GRUPO	CLASE

## TROFEO OU COPA DE PROMOCIÓN

O Concurante, declara baixo a súa responsabilidade, que o vehículo dbe quedar clasificado no grupo e na clase sinalados anteriormente

## RECOÑECEMENTOS

Solicito efectua-los recoñecementos	01/12/2011	02/12/2011	03/12/2011	
O día:	Venres <input type="checkbox"/>	Sabado <input type="checkbox"/>	Domingo <input type="checkbox"/>	
Co seguinte vehículo	MARCA	MODELO	MATRICULA	COR

## PAGO DE INSCRIPCIONS

	ENTIDADE	OFICIÑA	D.C.	NUMERO DE CONTA
Ingreso en conta	2080	0300	86	3040091987
Importe da Inscripción:	330,00 €	Acepta a publicidade Facultativa:	SI	<input type="checkbox"/>
	660,00 €	Acepta a publicidade Facultativa	NON	<input type="checkbox"/>

## COBRO DE PREMIOS - OPCION DE ABONO QUE SE SOLICITA

A	Conta Bancaria para transferencia de premios	Entidade	Oficina	D.C.	Num. De Conta

**IMPORTANTE:** A non presenza na entrega de Premios por parte de piloto e copiloto implica que renuncian aos premios tanto en matelico como torfeo.